XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Praza de Mazarelos - 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfonos 56 60 00 - 56 55 04 - Telefax 56 52 11

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
Entrada 6033
Saída 18 DIC. 1991
Data

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
A CORUÑA
ENTRADA 3.004
SAIDA
DATA 19 DIC. 1991

En relación co seu escrito de data de entrada nesta Secretaría Xeral de 12 dos correntes, comunícolle que os estatutos da Sdad.Dep. Castriz foron dilixenciados no seu día conservando o número de rexistro que lles correspondió no momento da súa inscripción neste Rexistro.

Santiago, 17 de Decembro de 1.991
O XEFE DE SERVICIO DE COORDENACION DEPORTIVA,

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PRESIDENCIA

Asdo.: Ramón Brigos Fernández

DILIGENCIA:
Da Coruña, de 23 DIC. 1991

XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE A CORUÑA

SR. XEFE DOS SERVICIOS PROVINCIAIS DA SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE.- A CORUÑA.

E S T A T U T O S

CAPITULO 1º

DA ENTIDADE

ART. 1 A Sociedad Deportiva Castriz é unha Asociación privada con persoalidade xurídica e capacidade de obrar que ten por obxecto exclusivo o fomento e práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un só ambito, modalidade ou -- disciplina, sen ánimo de lucro.

ART. 2 A Sociedad Deportiva Castriz contituese ó amparo da Lei 13/1980 do 31 de Marzo Xeral da Cultura Física e Deportes e de canto dispón o Real Decreto 1697/1982 de 18 de Xunio sobre :

ART. 3 Son fins da Sociedad.

a) Desenrolar actividades físico-deportivas entendidas na liña do deporte para todos e de tempo libre.
b) Fomentar, promocionar e divulga-la idea do exercicio físico e o deporte en xeral, xa que son un medio ó -- servicio do pleno desenrolo da persoa.
c) Velar pola conservació das instalacións

ART. 4 Enténdense vencellados por especiais vínculos co fin de integrarse na A Sociedad Deportiva Castriz a Os Veciños da parroquia de Castriz

ART. 5 A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de tantas secciónes deportivas como modalidades específicas se practiquen na Sociedad.

Para tomar parte nas competicións das respectivas Federacións Españolas deberán inscribirse nas mesmas, séndolle da aplicacións os Estatutos, Regulamentos e demáis disposicións destas (só se citarán as Federacións ou Federación á que quede adscrita, cando exista o desexo de tomar parte en competicións federadas).

ART. 6 O domicilio social fíxase en Castriz Stª Comba, debendo, en caso de variación, dar conta á Consellería de Cultura e Benestar Social.

ART. 7 O ámbito de actuación da Sociedad é (Local/Provincial) sin perxuicio de integrarse en Organizacións de ámbito territorial superior se así se acorda.

CAPITULO 2°

DOS SOCIOS

ART. 8 O número de socios será ilimitado, coa soa condición de que se dean os vínculos de carácter social ou profesional que lles xungan coas persoas que constitúen a

A Xunta Directiva poderá suspender, non obstante, a admisión temporal de novos socios cando a falla de espacios ou capacidade das instalacións así o aconselle.

ART. 9 A Agrupación compoñerase das seguintes clases de socios: de honra, de número e eventuais.

a) Serán socios de honra, aquelas persoas a quen a Xunta Directiva lles confira polos seus sobresaíntes méritos tal distinción. Terán un posto de preferencia nos actos oficiais da Sociedad.

b) Serán socios de número, os que previa solicitude sexan admitidos pola Xunta Directiva e satisfagan a -- cuota,

c) Serán socios eventuais, os que circunstancialmente - participen nas actividades da Sociedad e satisfagan as cuotas de inscripción que se establezan.

Os socios de número gozarán da plenitude dos dereitos - que lle confiren os presentes Estatutos, sendo tolos -- eles membros da Asamblea Xeral na que só poderán exercer dereito a voto os amiores de idade e os representantes legais dos menores de idade.

ART. 10 Os Socios de Número terán os seguintes dereitos:

a) Participar no cumplimento dos fins específicos da -- Agrupación.

b) Esixir que a actuación da Sociedad se axuste ó dis posto na Lei Xeral de Cultura Física e do Deporte, a súas normas de desenrolo e ás disposicións estatua-- rias específicas.

c) Separarse libremente da Sociedad.

d) Coñece-las súas actividades e examina-la súa docu-- mentación.

e) Ser elector e elexible para os órganos de representa ción e goberno, sempre que teñan cumprida a idade de dezaoito anos e teñan plena capacidade de obrar.

ART. 11 Establécese o principio de igualdade de tódolos asociados sin discriminación por raza, sexo, relixión, ideolo xía ou calesquer outra condición ou circunstancia per-- soal ou social.

ART. 12 Son obrigacións dos Socios de Número, ademáis das de ca rácter xurídico, político e económico que se desprenden dos presentes Estatutos e Regulamentos que se desenrolen,

o acatamento ós mesmos e ós acordos que adopten os seus órganos de goberno, así como a difusión e práctica da actividade física e deportiva que constitúe o obxecto social, e abona-las cuotas establecidas.

ART. 13 Para ser admitido como socio, en calquera das modalidades, será preciso:

a) Reuní-las condicións sinaladas para cada unha delas.
b) Solicitalo por escrito á Xunta Directiva.
c) Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

ART. 14 A condición de socio pérdese:

a) Por vontade propia.
b) Por non paga-las cuotas sociais establecidas.
c) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave, oído o interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asamblea que se celebre.

CAPITULO 3º

DOS ORGANOS DE REPRESENTACION, GOBERNO E ADMINISTRACION

ART. 15 A Sociedad estará rexida polos seguintes órganos de goberno:

a) A Asamblea Xeral.
b) A Xunta Directiva.
c) A Presidencia.

a) A ASAMBLEA XERAL

ART. 16 A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Sociedad.

Estará integrada por tódolos socios de número e polos representantes legais de tódolos asociados que non gocen deste dereito.

Se o número de integrados non excedera de dous mil poderán intervir, directamente, os socios de número e os re

presentantes legais.

Se se sobrepasa esa cifra a participación na Asamblea farase polo procedemento de compromisarios, elexíndose por sufraxio igual, libre, directo e secreto trinta e tres representantes por unidade de millar ou fracción.

Os socios candidatos deberán ser presentados con quince días de antelación á data da elección, acompañándose a expresa aceptación de tais candidatos.

Se o número de candidatos non chegase á cifra de trinta e tres por milleiro a diferencia existente será -- subsanada, polo sistema de turno rotatorio por chou - entre socios, excluíndose de sucesivos sorteos os que saísen elexidos por ese sistema en mandatos anteriores.

O mandato dos socios representantes será de dous anos e deben intervir en tódalas Asambleas Xerais que se - celebren no período para o que foron elexidos.

ART. 17 Corresponde á Asamblea Xeral:

a) Elexir Presidente e membros da Xunta Directiva, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto de tódolos socios con dereito a voto.
b) Discutir e aprobar, se procede, a memoría anual, a liquidación do exercicio social, o balance e a rendición de contas.
c) Aproba-lo presuposto de ingresos e gastos.
d) Coñecer, discutir e aprobar, no seu caso, as propostas da Xunta Directiva.
e) Estudiar e resolce-las proposicións formuladas polos socios, (coa debida antelación), e que deberán ir asinadas como mínimo polo cinco por cen dos mesmos.
f) Sinala-las condicións e formas de admisión dos novos socios e acorda-la cuantía da cuota que satisfarán os asociados.

g) Elaboura-los regulamentos de Réximen Interno da Sociedad e propo-las modificacións dos mesmos e dos presentes Estatutos.

h) Dispor e enaxena-los bens da tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débedas.

i) Crear servicios en beneficio dos asociados.

j) Coñecer e ratifica-las altas e baixas dos asociados.

Os apartados a, f e h serán da competencia da Asamblea Xeral Extraordinaria.

ART. 18 As Asambleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concurran en ela presentes ou representados a maioría dos seus socios de número. Se en segunda convocatoria non concurrira a cuarta parte dos membros da Asamblea, -- procederase a unha terceira e última convocatoria, sexa - ordinaria ou extraordinaria, calquera que sexa o número - de membros presentes.

ART. 19 A Asamblea Xeral deberá ser convocada, en sesión ordina-- ria, alomenos unha vez ó ano, e en sesión extraordinaria, cando asó o considere a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 10% dos socios membros da mesma e sempre quince días hábiles da data de celebración.

b) A XUNTA DIRECTIVA

ART. 20 A Xunta Directiva como órgano de goberno da Entidade, executará os acordos adoptados pola Asamblea Xeral e exercerá as funcións que este Estatuto lle confire. Estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte. O seu frente haberá un presidente e da -- que formarán parte un vocal por cada unha das posibles -- seccións deportivas federadas. O vicepresidente, secreta-

rio e tesoureiro serán elexidos polos vocais entre os que ostenten esta condición.

ART. 21 Corresponde á Xunta Directiva:

a) Dirixi-la xestión da Entidade velando polo cumprimento do seu obxectivo social.
b) Crea-las comisións ou grupos de Traballo que considere precisas.
c) Nomea-las persoas que dirixirán as distintas comisións ou áreas de participación, e organizar tódalas actividades deportivas da Sociedad.
d) Formula-lo inventario, balance e memoria anuais que haberán de ser sometidos a aprobación da Asamblea.
e) Redactar ou reforma-lo Regulamento de Réximen Interno, fixando as normas de emprego das instalacións e tarifas correspondentes.

ART. 22 Tódolos cargos desta Xunta Directiva serán elexidos pola Asamblea Xeral, por sufraxio libre e secreto, tendo unha duración de catro anos, renovándose por metade cada dous anos, de maneira que a primeira non alcance ó presidente, un vicepresidente e tesoureiro. Tódolos cargos directivos serán reelexibles.

ART. 23 A Xunta Directiva quedará válidamente constituída cando asistan, alomenos, o presidente ou un vicepresidente e a metade dos restantes membros.

ART. 24 A Xunta Directiva será convocada polo seu presidente -- con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá ser convocada a petición de tres ou máis dos seus membros.

ART. 25 A Xunta Directiva tamén quedará válidamente constituída cando estean presentes tódolos membros, aínda que non - mediara convocatoria previa.

ART. 26 O secretario coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Sociedad e levará o Libro de Rexistro de Asociados e Libro de Actas.

ART. 27 O tesoureiro será o depositario da Sociedad sinará - os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade. Durante o primeiro mes de cada ano formalizará un balance da situación e das contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados.

c) A PRESIDENCIA

ART. 28 O presidente e no seu defecto calquera dos vicepresidentes é o representante legal da Sociedad e presidirá a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, decidindo co seu voto de calidade os casos de empate e exercerá as funcións específicas que o Regulamento e a Asamblea Xeral le confiran.

CAPITULO 4°

DO REXIME ECONOMICO FINANCIEIRO

ART. 29 No momento da creación desta Sociedad Deportiva o patrimonio fundamental é _____ e no futuro estará integrado por:

a) As aportacións económicas dos socios, que aproben a Asamblea Xeral conforme ás normas establecidas no regulamento interior.

b) As donacións e subvencións que reciba.

c) Os resultados económicos que poidan produci-los actos que organice a entidade.

d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

ART. 30 Como fin da Sociedad queda excluído o ánimo de lucro e non poderán destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicios nin exercer actividades do mesmo carácter coa finalidade de reapartir beneficios entre os seus socios.

Tódolos seus ingresos deberán aplicarse ó cumplimento dos seus fins sociais. Cando se trate de ingresos procedentes de competicións ou manifestacións deportivas dirixidas ó público, estes beneficios deberán aplicarse únicamente ó fomento e desenrolo de actividades físicas e deportivas dos socios. Cando os ingresos procedan de subvencións recibidas con cargo ós presupostos da Dirección Xeral, o control dos gastos imputables a isos fondos corresponde a aquel Organismo, sen perxuicio das funcións que correspondan á intervención Xeral da Administración do Estado.

ART. 31 Poderá gravar e naxenar seus bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial sempre que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que sexan autorizadas tais operacións por maioría de dous tercios en Asamblea Xeral Extraordinaria.

b) Que ditos actos non comprometan de xeito irreparable o Patrimonio da Sociedad ou a actividade físico-deportiva que constitúe o seu obxectivo social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse sempre que o solicite un cinco por cento, álomenos, dos asociados, o oportuno dictame económico actuarial.

c) Cando se trate de tomar diñeiro a préstamo na cuantía superior ó 50% do presuposto anual da Sociedad ou - que represente un porcentaxe igual do valor do patrimonio, así como nos supostos de emisión de títulos requerirá a aprobación da Dirección Xeral de Xuventude e Deportes.

O producto obtido da enaxenación de instalacións deportivas ou dos terreos en que se atopan, deberá invertirse - integramente na adquisición, construcción ou mellora dos bens da mesma natureza.

ART. 32 Os títulos de débeda ou da parte alícuota patrimonial -- que emita a Sociedad serán nominativos.

Os títulos inscribiranse nun libro que levará ó efecto a Agrupación, no que se anotarán as sucesivas transferen-- cias.

En tódolos títulos constaran o valor nominal, a data de emisión, e no seu caso o interés e prazo de amortización.

ART. 33 Os títulos de débeda só poderán ser suscritos polos so-- cios, e a súa posesión non conferirá dereito especial -- salvo a percepción dos intereses que rixen na lexislación vixente.

Os títulos de partes alícuotas patrimoniais serán suscrit polos socios.

A condición de socio non está limitada aquenes se atopen na posesión de tais títulos, non se conferirán ó seu posuedor ningún dereito especial.

Endexamáis estes títulos darán dereito á posesión de dividendos ou beneficios.

Os títulos de débeda ou parte alícuota patrimonial serán transferibles de acordo cos requisitos e condicións que, en cada caso, estableza a Asamblea Xeral.

CAPITULO 5º

DO REXIME DOCUMENTAL DA

ART. 34 Estarán integrados no réxime documental e contable da Sociedad

a) O Libro de Rexistro de Socios, no que deberá constar os nomes e apelidos, o Nº do D.N.I., profesión e, no seu caso, cargos de representación, goberno ou administración que exerza na Sociedad . O Libro de Rexistro de Socios tamén especificará as datas de altas e baixas, e de toma de posesión e cese dos cargos anteditos.

b) Os Libros de Actas consignarán as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, co expresión da data, asistentes, asuntos a tratar e acordos adoptados. As Asctas serán sinadas, en todo caso, polo presidente e secretario do órgano colexiado.

c) Os Libros de Contabilidade nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos da Sociedad , debendo precisar a procedencia de aqueles e a inversión ou destino destes.

d) O Balance da Situación e as contas dos seus ingresos e gastos que a Sociedad deberá formalizar perante o primeiro mes de cada ano e que poñerá en coñecemento de tódolos seus socios.

e) Todos aqueles auxiliares que consideren oportunos para un mellor desenvolvemento do seus fins.

CAPITULO 6º

ESTATUTOS, REGULAMENTO E DISOLUCION DA

ART. 35 Os presentes Estatutos serán desenrolados nun Regulamento Interior, no que en canto non se opoña á normativa vixente de carácter deportivo, e de conformidade cos mandatos dos Estatutos.

ART. 36 Os presentes Estatutos e o Regulamento só poderán ser modificados, refeitos e derogados, na Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante acordo que deberá adoptarse en votación cualificada dos dous tercios dos socios de número asistentes. No caso de que a modificación ou reforma sexa a consecuencia das disposicións dos órganos superiores deportivos queda facultada a Xunta Directiva para dicta-las normas provisionais de aplicación que refrendará a Asamblea Xeral na primeira reunión que celebre, adecuandose o Real Decreto que desenvolve a Lei de Cultura Física en canto se refire ás Escolares.

ART. 37 A Sociedad extinguirase ou disolverase a proposta da Xunta Directiva por unanimidade de tódolos seus membros, mediante acordo adoptado en votación cualificada de dous tercios, pola Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada con ese fin.

ART. 38 No caso de disolución, o seu patrimonio neto reverterá á colectividade e comunicarase tal disolución a Dirección Xeral, que acordará o destino de eses bens para o fomento e desenrolo das actividades físico-deportivas e na forma que determinen as disposicións legais aplicables.

C O N C E L L O

DE

SANTA COMBA

(A CORUÑA)

NEGD.º .....

NÚMERO .....

REG. GRAL. N.º .....

AYUNTAMIENTO DE SANTA COMBA
Registro de SALIDA
Núm. 1752
Fecha: 3-06-92

Santa Comba, a 3 de maio de 1.992.

S/R.: N/R.:

ASUNTO: Autorización uso Campo Municipal de Fútbol de Castriz.

Destinatario:

SR. D.
PRESIDENTE CLUBE CASTRIZ.
(At. Manuel Gómez).
Castriz.

CASTRIZ

Como continuación das conversas telefónicas mantidas con vostede en relación ó uso do Campo Municipal de Fútbol de Castriz para a celebración dos encontros de liga, copa e amistosos do clube que vostede preside, pola presente e no uso das facultais que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO** autorizar a vostede, en calidade de Presidente da S.D. Castriz, ó uso do Campo Municipal de Castriz para a celebración dos encontros da Liga 92/93, Copa y amistosos, debendo hacerse responsable dos danos que poidan ocasionarse nas intalacións por mor de tal actividade deportiva.

O ALCALDE,

CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

Asdo.: **José Toja Parajó.**

Nº : 1-611

FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL
8 JUN. 992
ENTRADA

SEÑOR PRESIDENTE DE LA FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

LA CORUÑA

MANUEL GOMEZ VILAR , Presidente de la Sociedad Deportiva Castriz

CERTIFICA : Que reunida la junta directiva de la Sociedad Deportiva Castriz en su local social, el día veinticinco del mes de Mayo, acuerda por unanimidad elevar a esa presidencia la petición de afiliación federativa con el fín de participar la proxima temporada en las competiciones de futbol 11 con los equipos de modestos y juveniles.

Y para que así conste y a los efectos oportunos,expide la presente certificación en Castriz - Santa Comba, a veinticinco de Mayo de mil novecientos noventa y dos .

CASTRIZ SOCIEDAD DEPORTIVA

EL PRESIDENTE

Manuel Gómez Vilar

Nº: 1-611

FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL
ENTRADA

SEÑOR PRESIDENTE DE LA FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

LA CORUNA

MANUEL GOMEZ VILAR, Presidente de la Sociedad Deportiva Castriz

CERTIFICA : Que, reunida la Junta Directiva de la Sociedad de / referencia en su local social, el día veinticinco / del presente mes, acuerda por unanimidad elevar a / ésa presidencia la petición de afiliación federativa con el fin de participar en las competiciones // que en su día le fije la Federación Gallega de Fútbol.

Y para que así conste y a los efectos // oportunos, expide la presente certificación en Castriz-Santa Comba, a veinticinco de mayo de mil novecientos noventa y dos.

EL PRESIDENTE

SOCIEDAD DEPORTIVA CASTRIZ

Fdo: Manuel Gomez Vilar

SENOR PRESIDENTE DE LA FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

LA CORUNA

MANUEL GOMEZ VILAR, Presidente de la Sociedad Deportiva Castriz.

CERTIFICA : Que, la denominación exacta de la entidad es: SOCIEDAD DEPORTIVA CASTRIZ, teniendo su domicilio / social en el Ayuntamiento de Santa Comba, parroquia de Castriz, lugar de Hospital, adoptando los siguientes colores en su uniforme:

CAMISETA: a rayas verticales rojas y negras.
PANTALON: blanco
MEDIAS: blancas con una raya roja y negra en su / parte superior.

Y para que asi conste en ésa Federación a los efectos oportunos de legalizar su inscripción, expide / la presente certificación en Castriz-Santa Comba a seis de Junio de mil novecientos noventa y dos.

Dios guarde a Vd. muchos años.

EL PRESIDENTE

Fdo.: Manuel Gomez Vilar